



cooperación pobo a pobo



78

revista periódica · decembro 2022



O YASUNÍ, EN COIDADOS INTENSIVOS
UNHA APROXIMACIÓN CRÍTICA AO ACORDO COMERCIAL UE-MERCOSUR
AS DEFENSORAS DE CHOROPAMPA RECLAMAN XUSTIZA

SUMARIO

- 3** O Yasuní, en coidados intensivos
- 6** Entrevista a Mujeres de Frente, comunidade feminista ecuatoriana



- 9** Unha aproximación crítica ao acordo comercial UE-Mercosur
- 11** As defensoras de Choropampa reclaman xustiza



- 14** A 'ideoloxía de xénero' del Código das familias en Cuba
- 16** En defensa dos dereitos humanos no Salvador
- 18** Activistas pola vida: Unidade didáctica e espazo interactivo

◀ *Na actualidade as zonas petroleiras teñen os índices máis altos de cancro, de pobreza, de violencia. É a terra dos despoixos á que lle urxe a terapia*

◀ *Os intercambios comerciais do acordo conlevan presións ambientais na terra, na auga e no traballo, que aumentan os efectos da crise climática*

◀ *A identificación do feminismo como "ideoloxía de xénero" expresa un rexurdir do fundamentalismo patriarcal que se vincula a un proceso de expansión neoliberal na sociedade actual*

EDITA
EntrePobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estévao

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
EntrePobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
© Daniel Mideros / Yasunidos



**AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIATE E COLABORA ACTIVAMENTE**

Boletín de subscrición na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA** e **INDEPENDENCIA**





Esperanza Martínez en rolda de prensa pola consulta do Yasuní

O Yasuní en coidados intensivos

Esperanza Martínez¹
Acción Ecolóxica

Só como recordo (re-cordis significa volver pasar polo corazón) hai unha longa e dolorosa historia do Yasuní feita con eventos que provocaron deforestación, contaminación e mortes

Ten sido constante a presenza de empresas agresivamente depredadoras que afectaron “a vasta paisaxe cultivada” durante miles de anos polos pobos que habitaron e habitan a zona. O Yasuní é o territorio do pobo Waorani, eles son chamados “camiñantes de árbores”, non só por como gabean e colleitan, senón por esa maneira de marcar as rutas da cazaría crebando pólas e provocando gromos novos nas árbores.²

No país dos dereitos da natureza, o Yasuní provocou máis dunha reflexión sobre os sentidos da natureza con dereitos; sobre quen a tutela e o alcance desta protección; sobre como está todo inter-ligado. Aínda máis, sobre como se reproduce a vida da selva.

O Yasuní chegou a ser unha das utopías máis concretas do ecoloxismo ecuatoriano.

Os últimos 12 anos foron unha franca batalla pola utopía, pola comprensión doutras maneiras de pensar a existencia e por abrir fendas coa participación cidadá para conservar este territorio.

Apenas estamos empezando a entender a filosofía e a ciencia que sustentan os modos de “habitación” na selva. Estamos empezando a entender que eses territorios, considerados moitas veces como deshabitados, están efervescentemente habitados por milleiros de seres humanos e non humanos. Estamos procesando que significa que a natureza teña dereitos propios.

Dous camiños converxentes marcaron a historia recente do Yasuní:

1. A iniciativa Yasuní por deixar o cru no subsolo: Propuña deixar o cru do Yasuní no subsolo que, se ben naceu na sociedade (como sempre sucede coas propostas innovadoras), converteuse en política de goberno dende o ano 2007. A iniciativa Yasuní entrou en crise o 15 de agosto de 2013, cando o goberno nacional a cancelou.

En resposta, dende a sociedade pasouse a un proceso de recollida de sinaturas durante 6 meses para convocar unha consulta popular. Eran necesarias 583.324 sinaturas (5% do padrón electoral). O 12 de abril de 2014, YASUnidos -colectivo de colectivos-, entregou ao CNE 757.623. Porén, na verificación oficial anuláronse tantas sinaturas de xeito fraudulento que se declarou que non se alcanzara o necesario para a consulta. Desatouse entón unha batalla legal para demostrar a fraude; houbo auditorías, declaracións, actos de recoñecemento, ata que este 6 de setembro de 2022, o Tribunal Contencioso Electoral (TCE) ordenou ao Consello Nacional Electoral (CNE) que remita o proceso á Corte Constitucional para que continúe o trámite que daría paso á consulta popular.

A consulta popular polo Yasuní debería realizarse xunto coas eleccións de febreiro de 2023. Aínda que unha grande parte da infraestrutura petroleira xa está construída; tocará decidir se o cru que aínda está no subsolo permanece alí e que con isto a fronteira petroleira non se estenda sobre o Ispingo -campo que linda coa zona intanxible-, territorio dos pobos Tagaeri e Taromenane.



2. A protección de pobos en illamento. Os Tagaeri, Taromenane, Dugakaeri e outros pobos sen contacto –ou se acaso con contacto ocasional– sintetizan a experiencia histórica da autonomía, a autodeterminación e a liberdade de movemento. A estes pobos recoñecéuselles como territorio exclusivo, unha zona chamada “intanxible” (ZITT).

Os Tagaeri e Taromenane habitan entre os ríos Yasuní, Cononaco, Tiputini, Tivacuno e Tiwino. A ZITT é unha parte do seu territorio ancestral. O seu territorio limita con demasiados bloques petrolíferos, o 14, 16, 17, 25, 26, 30, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 41, 43, Campo Armadillo, Campo Tiwino e Campo Cononaco.³

O 10 de maio de 2006, outórganse medidas cautelares para estes pobos. O caso foi orixinalmente presentado por Fernando Ponce, Raúl Moscoso e Cristina Ponce, despois sumáronse a CO-NAIE e YASunidos.

O 18 de abril de 2007, presentouse no país a Política Nacional de Pobos Indíxenas en Situación de Illamento Voluntario; esta política recoñecía que a presenza da industria petrolífera provocaba violencia, enfrontamentos e incubación “de guerras internas entre os pobos Waorani”, e que estes pobos teñen “o seu dereito a existir conforme ao seu propio patrón cultural”; que hai que “impedir o ingreso de estraños en territorios dos pobos ocultos” e que os pobos Taromenane e Tagaeri son “testemuño vivo da nosa nacionalidade e patrimonio sociocultural tanxible e intanxible da Humanidade.”⁴

A partir de entón houbo dúzias de denuncias que demostran a falta de protección dos Tagaeri e Taromenane, e o incumprimento das medidas cautelares. A CIDH recoñeceu que “os Tagaeri e Taromenane son pobos eco sistémicos por vivir en estrita relación de dependencia coa súa contorna biolóxica da que se desprende

o seu sustento, cosmovisión, institucións sociais, costumes e a súa noción de ben vivir”.⁵ A audiencia da Corte IDH realizouse o 23 de agosto de 2022. Está pendente unha decisión final que dispoña as medidas de reparación.

2022: DOUS CAMIÑOS CONVERXENTES CRÚZANSE

No cruce de dous camiños feitos de denuncias, disputas e resistencias, está o petróleo.

Actividades predadoras como o caucho, a extracción de madeira ou petróleo golpearon a zona permanentemente; de todas as actividades predadoras, o petróleo foi a peor. Dende os inicios da actividade petrolífera ata a actualidade, pasaron tempos de ocupación, tempos de enfrontamentos, tempos de resistencia.

A contaminación das vías fluviais e o aire provocaron enfermidades. Os contaminantes -químicos, ruído, desfeitos- penetraron na cadea alimentaria, desarmaron a vida comunitaria; provocaron divisións, dependencia, frustracións, medo. Afectaron o clima, as chuvias, e alteraron o delicado equilibrio entre as diferentes especies.

Na audiencia da Corte IDH, Laura Rival comparou o petróleo co cancro, dixo: “Cando un organismo sofre un cancro, débese quitar o tumor maligno o máis rápido posible e, ademais da cirurxía, débese tratar o enfermo con terapia de radiación e quimioterapia.”

Na actualidade as zonas petrolíferas teñen os índices máis altos de cancro, de pobreza, de violencia. É a terra dos despoños á que lle urxe a terapia.

No cruce de camiños tamén está o xeito de pensarmos no mundo.

Cando se aprobou a nova constitución ecuatoriana púxose en discusión outra ontoloxía da natureza. O recoñecemento dos De-





reitos da Natureza fala dela como a Pachamama, “da que todos somos parte e é vital para a nosa existencia” e para permitir a vida en todas as súas dimensións, propuxo o Sumak Kawsay: “unha nova maneira de convivencia cidadá, en diversidade e harmonía coa natureza”.

O Sumak Kawsay resume a crítica ás visións tradicionais de desenvolvemento e, particularmente, ao extractivismo que, sendo profundamente colonial, consolidou o despoxo, economías fráxiles e políticas submisas. Non obstante, nas poboacións apegadas á terra aínda é posible recoñecer outras maneiras de relacionarse coa natureza, onde a relación non é de ‘oposición’.

Para os habitantes do Yasuní -os Waorani-, ‘ömere quêquí’ (‘facer na selva’) é algo que fan todos os animais e plantas, non só os humanos. Todas as especies, “procuran” o que necesitan e o que fai que a vida sexa máis favorable para a súa especie. Esta é a razón pola que os Waorani nunca colleitan totalmente o froito dunha árbore; é obvio para eles que hai aves, monos e animais terrestres que tamén se alimentan dos mesmos froitos. Debido a que as plantas e os animais teñen as súas propias necesidades e a súa propia vontade, vivir na selva require unha negociación constante e unha delicada diplomacia.

A proposta de deixar o cru baixo terra naceu como unha proposta política de moitas arestas. Como proposta política, debía desenvolver liñas relacionadas cun modelo de transición a un Ecuador post petroleiro a nivel nacional e un modelo de xustiza climática a nivel internacional. Formulaba unha nova opción para combater o calentamento global, evitando a explotación de combustibles fósiles, baixo a premisa das obrigas comúns pero diferenciadas.

Cando miramos o escenario global, vemos novas vías e bifurcacións. Estamos na 27ª Cimeira de Cambio Climático (COP27)

en Exipto, momento no que se avalía a falta de accións, o aumento das crises e os riscos xeralizados e inminentes. A pesar disto, vemos a presión de diferentes corporacións que impulsan os fracasados negocios do carbón e os novos negocios de control da atmosfera.

Sobre o petróleo, os avances que houbo en varios países de absterse de extraer reservas en lugares vulnerables entraron en crise coa guerra entre Ucraia e Rusia, non só se reactivan as minas de carbón en Alemaia, China, India, estanse autorizando zonas prohibidas, por exemplo, de Alaska en Estados Unidos ou de Bahía do Norte en Canadá. En todos os recunchos do mundo fanse buscas desesperadas mentres se aumentan os subsidios aos fósiles.⁶ 🇺🇸

Notas:

1. A avogada e activista Esperanza Martínez foi nomeada doutora honoris causa en novembro de 2022 pola Universidade Rovira i Virgili de Tarragona.
2. Ao empezar este artigo decátome do importante que ten sido o Yasuní na miña vida, de feito retraseime porque tiven que cambiar todas as miñas claves, esas que supostamente che dan seguridade.
3. CICAME 2009, 38; Aguirre 2010,47.
4. Rafael Correa. Discurso na Presentación da Policía Nacional dos Pobos en Situación de Illamento Voluntario. Dispoñible en: <https://www.presidencia.gob.ec/wp-content/uploads/downloads/2013/01/2007-08-13-Discurso-en-Acto-de-Presentacion-de-Politica-Nacional-de-Pueblos-en-Situación-de-Aislamiento-Voluntario.pdf>
5. CIDH. Informe No. 152/19. Caso 12.979. Fondo. Pobos indíxenas Tagaeri e Taromenane (en illamento voluntario). Ecuador. 28 de setembro de 2019. Pár. 13.
6. De acordo cun estudo realizado polo Fondo Monetario Internacional, no ano 2020, os combustibles fósiles –petróleo, carbón e gas natural- recibiron un total de 5,9 mil billóns de dólares en subsidios, aproximadamente 11 millóns de dólares por minuto.



Entrevista a Mujeres de Frente, comunidade feminista ecuatoriana



Cristina Sesto

EntrePobos Ecuador

Mujeres de Frente

O Paro Nacional de Ecuador foi posible porque houbo unha cadea de coidados

Nancy Yolanda Delgado Sánchez, Margarita Cabezuela, Mariana de Jesús Collaguaso Velasco, Marta Cecilia Collaguaso e Andrea Aguirre forman parte de Mujeres de Frente, unha comunidade feminista ecuatoriana que naceu en 2004 no cárcere de mulleres de Quito e actualmente enfocada na cooperación entre mulleres, nenas, nenos e adolescentes. Nesta entrevista coral cóntannos a súa participación no Paro Nacional de Ecuador, en xuño de 2022, que convocaron diferentes organizacións, principalmente a Confederación de Nacionalidades Indíxenas de Ecuador (Conaie) contra o goberno de Guillermo Lasso. Unha experiencia de aprendizaxe e sororidade que as cambiou como mulleres activistas e que quixeron compartir con EntrePobos.

Que as motivou a participar no paro?

Nancy: A situación que estamos pasando e escoitar o Presidente dicir: "Os indios que se marchen ao campo". Eu son vendedora informal e a min perséguenme máis que se fose unha ladra e é, en boa medida, por estes insultos racistas: "indias", "ándate a tu cerro", "qué vienes a hacer aquí, a ensuciar la ciudad". E motivoume poder axudar o pobo indíxena que sofre maltrato da policía, da xente, das persoas máis adineradas. Eu tamén son indíxena e vivía pechada nun mundo no que, polo feito de selo, cría que

tiña que ser pisada pola xente, e permitir que as persoas de clases medias e altas fosen os meus patróns. Con iso criáronme, unha herdanza dos meus avós e devanceiros. E grazas a esta organización, aprendín a falar, a defenderme e a dicir basta, ata no meu propio fogar. Foi como volver nacer.

Margarita: Cren que os irmáns indíxenas gañaron? Foron os que máis perderon: esposos, nais, fillos... Moitos aínda están no cárcere. Por que? Que armas usaron? Un pau, unha pedra, ... E a policía? A pistola, os perdigóns, as bombas, ... A



xente rica di: “Que se larguen os indios ao páramo”, pero é grazas a eles que temos comida, son os que máis traballan e os menos pagados e son discriminados. Desta volta, grazas á organización, tiñen esa fortaleza que che dá o sentirte acompañada e saín ás rúas.

Mariana: Eu participei en moitos paros antes, dende nena, cos meus pais. Fixeno para apoiar o pobo, para loitar polos nosos dereitos. E agora, como colectivo de *Mujeres de Frente*, estivemos dende o primeiro día nas rúas, para loitar contra a suba dos custos e os prezos do combustible. Nesta ocasión saín cos meus fillos e netos. Que bonito inculcarlles a eles dende estas idades que sigan na loita! Unha vez finalizado o paro, o mellor é ter participado na loita, como colectivo, e no coidado, xuntándonos con outras entidades para esixir a este Goberno as nosas demandas.

temos sido discriminadas. O contacto coas diversidades abriunos espazos nos que todas e todos cabemos.

Cal foi o voso papel e o de Mujeres de Frente durante o paro?

Margarita: No meu caso, a experiencia foi no centro de acopio (organizado para dar alimentación), onde puxemos uns colchóns e alí quedei durmir porque eu vivo en Conocoto. A organización apoiounos para facer quendas e así cambiarnos e bañarnos. Outras compañeiras levaban a nosa roupa para lavala, dábannos de comer e tamén nos acompañaban e coidaban. Eu non estaba cansa, non tiña nin fame, aínda que a veces viñan e pedían 2000 racións, 1000, 500, . . . Era tan bonito e sentínome tan ben ao apoiálos. Houbo un momento no que dixeron que a policía ía entrar,



Marta: A min motivoume ver os meus netos, os meus irmáns e eu mesma, sen traballo. Polas carencias que hai en cada familia por culpa dun goberno que dá privilexios a uns e quita aos máis necesitados todos os dereitos. Coas leis que pon querenos seguir pisando, afundindo como persoas, ata o punto de que nós xa non cremos no noso mesmo país. Grazas á organización, entendín que tiña que saír loitar e alzar a miña voz.

Andrea: Que é a loita senón un convite a conversar dende distintas organizacións, lugares, problemas? Nós aceptamos ese convite. Algunhas das demandas avíanse moito ao que nós queríamos, pero outros puntos deixábonos fóra, e nós, dende a cidade, quixemos dicir si a este paro, pero sempre sendo tidas en conta. Preocupábanos moito o debate existente sobre a seguridade, era necesario discutir este punto e non dar por sentado que queremos máis policía, militarizar as cidades ou un código penal máis duro. Non podemos seguir este xogo das élites de que, no nome da delincuencia e a inseguridade, vivamos en cidades máis sitiadas polas forzas armadas.

É moi importante pensar no paro como un momento de encontro e reencontro na diferenza, que nos ensina dende as nosas propias maneiras de discriminar e que nos permite ver como nós

e dende a organización xa se pensaba por onde escapar, pero eu non me cansaba, seguía aí a loitar. Mesmo cando tiñamos que ir ás marchas deixabamos alí a xente máis nova e saíamos a camiñar e berrar aínda que estivésemos cansas.

Nancy: Coordinámonos e organizámonos coas compañeiras e con voluntarios da universidade que nos axudaban. A miña desesperación era que, a veces, iamos quedando desabastecidas de produtos e tiñamos que pensar en como repartiamos as porcións.

Marianita: Erguímonos ás 5 ou 6 da mañá para acomodar a roupa que chegaba para doazón. Pero, a medida que pasaron os días, había momentos en que non tiñamos nada que dar, non había *cobijas* (mantas), só roupa de bebé. Ata que unha madrugada chegou unha doazón de mantas que foi como un agasallo para nós, un gran alivio no momento de cansazo no que estabamos. Que alegría telas para dállelas aos nosos irmáns indixenas! Foi algo máxico.

Marta: Foi satisfactorio, aínda que frustrante á vez, polo medo a que puideran entrar as bombas, xa que estabamos con nenos pequenos. Eu sentía que tiñamos detrás as nosas compañeiras e a nosa organización que nos coidaba moitísimo. Os estudantes que





nos apoiaron tamén foron moi colaboradores e fixéronnos sentir que éramos persoas moi valiosas.

Andrea: Nun país como o noso e na nosa rexión, os paros constitúen auténticos escenarios de loita onde o racismo de Estado fai posible a morte impune dos manifestantes. Nós pensamos tanto o paro como a resistencia sabendo que, para eles, as nosas vidas teñen menos valor ca as da xente branca do Norte, por esta historia racista e de colonialismo que arrastramos. As nosas vidas estaban en risco. E o paro foi posible porque houbo unha cadea de cuidados. O feito de que as compañeiras que estabamos no abastecemento coidásemos das comunidades, e, ao mesmo tempo, fósemos coidadas por outras compañeiras da organización foi clave. Hai todo un traballo reprodutivo que estabamos compartindo que debuxaba unha cadea de cuidados. O descanso, o acubillo, a alimentación, a reflexión na noite, a enorme capacidade de loita nos nosos países ten que ver cun saber moi feminino que é o saber coidar, e non é un “nós coidando deles”, senón toda unha cadea de cuidados que nós sabemos administrar e que nos involucra.

Precisamente por iso, o goberno golpeou a estrutura de coidado. E un dos seus primeiros xestos foi o peche da Casa da Cultura que, historicamente, foi o grande lugar de alimentación, e acubillo, así como o peche doutras universidades. A Universidade Central foi o único lugar de acollida e abastecemento, con milleiros de persoas pasando a noite, abastecendo, coidando.

Andrea: A morea de doazóns que recibíamos era, en realidade, unha denuncia contra as elites, porque a cidade de Quito estaba dando a benvida ao paro, e había unha xenerosidade colectiva que dalgunha maneira chocaba co discurso racista estendido polo Goberno que dicía que os pobos e comunidades viñan a atacarnos. Organizámonos de xeito que protexemos os nosos dereitos a berrar publicamente, á discusión política pública, á presenza nas rúas e, moitas veces, esiximos que os estudantes cubriran as nosas posicións no centro de abastecemento para facer posible que as nosas

voceiras estiveran na rúa. Fixemos un enorme esforzo por romper coa lóxica da vangarda do movemento onde están as voces visíbeis, normalmente homes e a retagarda onde normalmente estamos as mulleres coidando.

Porén, as mesas de negociacións terminaron sendo mesas ocupadas case exclusivamente por homes que ignoraron algunhas demandas que formuláramos dende o movemento feminista. Esa é unha crítica que dende os movementos feministas apoñemos ao movemento indíxena.

Que aportaron Mujeres de Frente e outros colectivos feministas e de diversidade ás demandas do movemento indíxena?

Marianita: Facer asembleas entre diferentes entidades para poñernos de acordo no xeito de organizámonos e nos puntos das demandas, como os abusos da policía.

Andrea: Como *Mujeres de Frente* temos moito que ensinar. Creo que hai unha discusión que quedou ben patente neste paro arredor da maneira de crear organización. Unha é a estrutura organizativa da Conaie e outras organizacións indíxenas, con dirixentes estables ao longo dos anos, e que teñen a capacidade de chamar ao paro e de ter as súas bases presentes, que se levanta sobre os compromisos e sobre as multas que implican non participar. Pero despois, hai outras expresións como o movemento feminista, no que non temos dirixentes senón voceiras. Dende os feminismos expresábase esa diversidade, esas diferentes formas de organizarse que fai rica a política e que a veces fai inaprensible ao movemento, non se pode cooptar a dirixente do movemento de mulleres, porque non hai.

E estamos contribuíndo tamén a pensar nunha política non Estado-céntrica. A nós deunos tan duro o Estado, quitounos tanto, que estamos construindo política sen agardar a que nos escoite o Estado, aínda que o esteamos interpelando. Estamos construindo un mundo que non espera a que o Estado nos dea permiso. 🧠





Campanya no a los TCI

Unha aproximación crítica ao acordo comercial UE-Mercosur¹

Meritxell Freixas

Xornalista colaboradora de CRÍTIC

O pasado mes de xuño fixéronse dous anos do anuncio do acordo sobre o Tratado de comercio e investimento (TCI) entre a Unión Europea (UE) e os países do Mercosur, que conforman Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai

A noticia difundíuse no cumio do G20 celebrado en Xapón, na cidade de Osaka, e daba a coñecer un dos tratados comerciais europeos máis amplos, que implica o 25% do produto interior bruto (PIB) e o 37% das exportacións mundiais. Vinte e dous anos de negociacións culminaron nun texto que, ademais do Tratado de comercio en si, contempla un pacto en materia ambiental que inclúe o compromiso de ámbalas partes de cumprir o Acordo de París sobre cambio climático.

Porén, a pesar dos anuncios, o Acordo aínda non se ratificou a día de hoxe. Precisamente, **o contido relacionado coas cuestións medioambientais provocou que a sinatura se fora adiando**. Países como Francia ou Alemaña, que nos últimos meses celebraron eleccións, non quixeron subscribir un texto que xera polémica e resistencias por parte de organizacións ecoloxistas e medioambientais e evitaron que a ratificación puidera pasar factura aos partidos durante as súas respectivas campañas electorais.

CRÍTIC analiza os puntos máis controvertidos do Tratado a través do informe Unha aproximación crítica ao acordo UE-Mercosur, elaborado polos investigadores Raúl Velasco e Juan Cadillo, investigadores do Instituto de Ciencia e Tecno-

loxía Ambientais da Universidade Autónoma de Barcelona, para Entrepobos e Ecoloxistas en Acción, co apoio do Concello de Barcelona.

1. PRODUTOS AGRÍCOLAS VERSUS MAQUINARIA

A pesar de non ter asinado aínda o acordo de libre comercio, no 2020 a UE exportou ao Mercosur produtos por un total de 36 millóns de euros. Case o 40% desa cifra (14 millóns) corresponde a maquinarias e equipos de transporte, seguidos de produtos químicos, cun 30,5% (11 millóns). O Mercosur, pola súa banda, obtivo 33 millóns de euros dos intercambios comerciais, en grande parte de produtos agrícolas que, cun 57,5% (19 millóns), concentran a maioría das exportacións. Unha vez asinado o acordo, a UE aumentará as importacións dende os países de Mercosur de materias primas, alimentos e recursos naturais e exportará a Mercosur produtos industriais e servizos baseados en telecomunicacións, finanzas, construción e seguros.

“Os países do Sur especializáronse en actividades primarias con rendementos decrecentes, perdendo unha mínima soberanía industrial que lles permita desenvolver actividades con rendementos crecentes e de escala”, explica Raúl Velasco.



No bloque europeo, os principais beneficiados serán cidades e rexións cunha industria tecnolóxica forte e altamente desenvolvida, como Alemaña, Francia ou Bélxica, mentres que **no bloque do Sur os beneficiarios serán as elites latifundistas e as grandes transnacionais agroalimentarias**. “Expulsarán os pequenos agricultores porque non son competitivos e aumentarán os grandes latifundios, e as persoas expulsadas do mundo rural chegarán aos cintos de pobreza das grandes cidades”, di Velasco.

Os autores do informe sosteñen que a dinámica do libre comercio “acelera e incrementa o saqueo dos bens naturais”, “prolonga as relacións neocoloniais” e “evidencia o intercambio desigual entre os bens naturais” que se intercambian.

2. CHOQUE ENTRE SECTORES

Segundo o documento de Velasco e Cadillo, se se concreta definitivamente o acordo, eliminaranse os aranceis para máis do 90% do comercio bilateral de forma progresiva. Dende o Mercosur, **o maior aumento de exportación á UE sería o do bioetanol (650.000 toneladas), elaborado a partir de cereais e cultivos de azucre**. Aínda que a UE promove o uso dos biocombustibles no transporte para loitar contra o cambio climático, a Comisión Europea apostou por reducir os que se elaboran a partir dos alimentos, polo choque que se xera entre o sector enerxético e a seguridade alimentaria. Por iso, a importación de bioetanol procedente, na súa meirande parte, de Brasil, o segundo produtor deste biocombustible do mundo despois de Estados Unidos, entra en conflito con este punto. O país sudamericano prioriza o cultivo da cana de azucre, a principal materia prima utilizada para produci-lo, en lugar de cultivos alimentarios diversos.

O segundo produto que máis se incrementaría dende o Mercosur en Europa é o polo (180.000 toneladas). Aínda que a UE non ten necesidade de importalo porque consume menos do que produce, faino para adquirir un produto de mellor calidade. De novo, Brasil é un dos exportadores principais.

En terceiro lugar, está a carne de vacún (99.000 toneladas), que tamén procede, principalmente, de Brasil, o país que máis exporta do mundo. Como no caso do polo, a UE produce máis carne da que necesita; así e todo, o acordo amplía a cota a 99.000 toneladas que, segundo os autores, é carne de alta calidade, destinada a restaurantes gourmet, que consumen turistas de alto poder adquisitivo. Estas cifras poñen en dúbida os compromisos ambientais adquiridos pola UE, xa que a produción de carne de vacún aumenta as emisións de gases de efecto invernadoiro, promove a deforestación e a perda de biodiversidade e perxudica ás poboacións rurais e indíxenas, detalla o informe.

3. PRESIÓN AMBIENTAL ASOCIADA AOS PRODUTOS AGRÍCOLAS DO ACORDO UE-MERCOSUR

Os intercambios comerciais do acordo conlevan presións ambientais na terra, na auga e no traballo, que aumentan os efectos da crise climática. Segundo os cálculos do informe de EntrePobos e Ecoloxistas en Acción, para obter as 650.000 toneladas de etanol necesítanse 9 millóns de cana de azucre que, á súa vez, necesitan 121.000 hectáreas de terra, unha superficie equivalente a case dúas veces o tamaño da área metropolitana de Barcelona. En canto á carne de polo, o ingrediente principal do penso é o millo e, segundo os investigadores, para producir as 180.000 toneladas máis acordadas

no Tratado, aparte das que xa se exportan, requírense 288.000 toneladas de millo que, á súa vez, necesitarán 71.000 hectáreas de terra para medrar. Para chegar á produción de carne de vacún acordada, é necesario sacrificar 360.000 animais, polo que se necesitarían 223.000 hectáreas durante dous anos e medio, unha superficie que equivale 3,5 veces á área metropolitana de Barcelona; 1,5 veces, na cidade de Sao Paulo, ou a 318.000 campos de fútbol.

“A expansión da fronteira agrícola avanza sobre terras forestais ou selváticas e provoca que se avance cara os territorios naturais e que se queimen terras para utilízalas para que coman as vacas. Isto ten un impacto na fauna, a flora e a biodiversidade”, di Luciana Ghiotto, investigadora do Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas (CONICET) de Arxentina e académica da Universidade Nacional de San Martín.

“Dáse unha **perda da diversidade dos ecosistemas naturais porque se promove a expansión en superficie das actividades produtivas**”, sostén a bióloga ambiental da Universidade de Chile Fernanda Salinas. A académica menciona varios efectos que profundizan no cambio climático neste tipo de acordos comerciais, como a perda de fertilidade do solo, a perda de capacidade de almacenar e fixar carbono, de regular o ciclo hidrolóxico, de abastecer auga en cantidade e en calidade e de mitigar os efectos de secas e de inundacións.

Para producir as novas cotas, o Mercosur requirirá unha superficie similar a dúas veces a área metropolitana de Sao Paulo e outras dúas a de Barcelona. En cambio, a superficie requirida polos produtos exportados dende Europa ao Mercosur (queixo e leite en po) será catro veces inferior.

As proporcións investidas por cada un dos bloques en relación coa auga, imprescindible na produción dos bens intercambiábeis do Tratado, tamén son moi diversas. O informe apunta que mentres que o Mercosur deberá investir 4.230 hectómetros cúbicos de auga de chuva e 130 de auga superficial e subterránea, a UE destinará un volume 20 e 22 veces inferior, respectivamente, para a exportación dos seus produtos (queixo e leite en po). No último caso, **o volume requirido podería abastecer de auga, durante un ano, a 2,3 millóns de habitantes de Brasil, que actualmente sofre unha grave seca**.

En relación coa auga de chuva, a carne necesita 2.412 hm³, un volume que multiplica por 6 a precipitación anual da área metropolitana de Barcelona (416hm³) ou 124.000 piscinas olímpicas.

O secretismo que de xeito habitual envolve os TCI xerou un grao considerable de descoñecemento do acordo por parte da cidadanía. O tema entrou na axenda en plena emerxencia climática e nunha situación global de pandemia pola Covid-19, de guerra ás portas de Europa e de cambios de gobernos en países de peso no Sur como Arxentina e, proximamente, tamén Brasil. Por todos estes impactos, o TCI entra en contradición coas políticas reiteradamente anunciadas pola UE e a maioría dos Estados membros para facer fronte á emerxencia climática. Pero, máis alá da complexidade do contexto, en palabras de Salinas, haberá que “impoñer un modelo a través do cal os estados poñan a disposición infraestrutura, aduanas, financiamento e fomento”, evitando así perpetuar a inxustiza ambiental, a desigualdade e os efectos do cambio climático. 🌱

Nota:

1. Artigo publicado en CRÍTIC.



As defensoras de Choropampa reclaman xustiza



Laura Ibáñez

EntrePobos Alicante

Defensoras y Defensores de Perú

Vinte e dous anos despois da vertedura de mercurio que lles roubou a saúde e o futuro, as defensoras de Choropampa (Perú) reclaman xustiza

Juana Martínez pide xustiza dende hai máis de 22 anos. Desta volta proba sorte diante do III Tribunal Ético pola Vida e Territorio das Mulleres Amazónicas e Andinas, que ten lugar no marco do X Encontro Internacional do Foro Social Panamazónico (FOSPA), celebrado entre o 28 e o 31 de xullo en Belém do Pará (Brasil).

Juana pon voz e rostro a Choropampa, a comunidade peruana á que pertence e sobre a que pende unha “morte a pausa”, como ela e o resto dos seus conveciños denominan o seu lento perecer, reflectido nas elevadas cifras de mortalidade. Tal e como explica a activista, “no pasado, morría unha persoa cada tres ou catro anos. Agora morren de tres a catro ao mes”. No seu longo periplo, a Juana asiste o Grupo de Formación e Intervención para o Desenvolvemento Sostible (GRUFIDES), organización dedicada á defensa legal e acompañamento de comuni-

dades afectadas por conflitos ambientais, especialmente aqueles acadidos pola explotación mineira en Cajamarca, departamento ubicado no norte de Perú.

Dende o outro lado do charco, EntrePobos apoia a loita do pobo choropampino dende 2007 da man da súa aliada local GRUFIDES. Trátase, sen dúbida, dunha implicación necesaria e máis que xustificada por parte da entidade de solidariedade internacional, porque, como comenta Mauro Mazzacani, coordinador de proxectos de EntrePobos en Perú: **“Choropampa representa un suceso trágico e un caso emblemático de como a irresponsabilidade e a avaricia das transnacionais extractivas dan lugar a condutas criminais, con total desprezo da vida e saúde da poboación que habita nos territorios mineiros e co abandono cómplice dos estados”**.



QUE PASOU EN CHOROPAMPA O 2 DE XUÑO DO 2000?

O venres 2 de xuño do ano 2000, comezada a tarde, un camiión da empresa RANSA, contratado por *Minera Yanacocha* cruzou o distrito de San Juan, o Centro Poblado Menor de San Sebastián de Choropampa e o distrito de Magdalena en dirección Lima, a capital do país. Transportaba nove balóns metálicos de mercurio elemental e dez cilindros metálicos de cloro gasoso, estes últimos baleiros. A partir do kilómetro 155, un dos recipientes que contiña mercurio comezou a desprenderse da súa carga. Derramou un total de 151 kg desta tóxica substancia en dezaseis puntos diferentes identificados ao longo de 40 km de estrada, de acordo co Informe da Comisión Independente á Oficina do Ombudsman e Asesor en Materia de Observancia da Corporación Financeira Internacional e o Organismo Multilateral de Garantía de Inves-

amazónicas e andinas, Juana Martínez vains debullando: **“Moitos de nós sufrimos diferentes enfermidades ben sexan anemias, leucemias, diabetes, derramamentos de sangue, múltiples ronchas, dores de cabeza, mortes prematuras. Moita xente perdeu a memoria e outra perdeu a vista”, afirma a activista.**

A investigación científica avala as observacións de Juana. Segundo describen os doutores Marisa Gaioli e Diego Amoedo e o bioquímico Daniel González no seu artigo “Impacto do mercurio sobre a saúde humana e o ambiente”, a exposición crónica ao mercurio ten unha variada gama de síntomas entre os que predominan os de indole neurolóxica (fatiga, ataques de pánico, trastornos da memoria, anorexia, ansiedade, insomnio, disfunción cognitiva e motora, etc.). Afecta, asemade, á glándula tiroides e ao sistema inmunolóxico.



timentos, publicado un mes despois dos feitos. Choropampa levou a peor parte.

Cando o mercurio se mantén en estado líquido, amósase como unha bonita substancia de cor arxenteo. Derramado no chan, axiña atraeu a atención de nenos e nenas choropampinas, que quixeron tocalo coas mans. Crendo que podería ter algún valor, ao provir da mineira, ou confundíndoo co azogue, utilizado en medicina tradicional, a cidadanía choropampina decidiu collelo e almacenalo sen saber que se estaba envelenando.

MERCURIO, VELENO INHALADO

O principal risco do mercurio para a saúde humana non provén do contacto coa pel, senón da súa inhalación. Como sinala a Axencia de Protección Ambiental de Estados Unidos (EPA), “a temperatura ambiente, o mercurio elemental exposto pode evaporarse ata converterse nun vapor tóxico invisible e inodoro. Se se quenta, é un gas incoloro e inodoro”. Adherida ao solo, ás paredes, á terra, esta substancia é respirada unha e outra vez polas xentes choropampinas.

Se durante os primeiros días parecía que a poboación experimentaba unha intoxicación aguda, pero transitoria, por mercurio, hoxe fíxose evidente que os danos son irreversibles. No transcurso da súa intervención ante o tribunal ético en defensa das mulleres

Os efectos do envelenamento afectan particularmente á capacidade reprodutiva das mulleres. Estas experimentan unha maior frecuencia de abortos e embarazos ectópicos, infertilidade e dismenorrea. En último término, a exposición ao mercurio durante o embarazo pode provocar a aparición de lesións conxénitas no sistema nervioso do non nacido.

VIDAS QUEBRADAS, LOITA CONTINUA

Pese a que teñen un certo sentimento de vidas maltreitas, as choropampinas e os choropampinos non se renden. “Nós vimos loitando e loitando e loitando máis de 22 anos e nunca acabamos de loitar porque estamos buscando a vida e a saúde de cada un de nós”, afirma contundente Juana Martínez. Trátase dunha loita, sen dúbida, desigual, fronte a un xigante que aínda non reparou o dano causado á comunidade.

COMPRAR O SILENCIO

Minera Yanacocha comeza as súas actividades en Perú en 1993 co propósito de explotar os xacementos de ouro de Cajamarca. No momento en que sucederon os feitos, estaba constituída como un consorcio entre a estadounidense Newmont Mining Corpora-





¡JUSTICIA PARA CHOROPAMPA!

En el 2000, las familias de Choropampa, fueron víctimas de un derrame de mercurio ocasionado por la empresa de transporte Ramsa y minera Yanacocha SRL. Desde el 2009, estás familias demandan justicia ante los juzgados de Cajamarca. Han pasado 21 años sin que se les repare dignamente.

MESA TÉCNICA DE SALUD HUMANA Y AMBIENTAL

tion, posuidora do 51,35% da mina, a compañía peruana Minas Buenaventura (43,65%) e a Corporación Financeira Internacional (CFI) do Grupo Banco Mundial (5%). Na actualidade, a xaponesa Sumitomo Corporation adquiriu este último 5%, segundo pode comprobarse na páxina web de Newmont Mining Corporation. A partir de novembro de 1993, ao constatare a presenza de mercurio no xacemento, Minera Yanacocha comeza a comercializalo. Non desenvolve, non obstante, ningún programa integral para o transporte de substancias tóxicas nin un plan de resposta a emerxencias, como se evidenciou no tratamento dado aos feitos ocorridos o 2 de xuño do 2000.

A empresa animou á poboación choropampina, que carecía de equipos de protección, á recollida de mercurio días despois da vertedura, establecendo un sistema de recompra da substancia a 100 soles (25,95€) por kilo. Os seus emisarios instaláronse nunha tenda local, utilizando, para tomar as medidas, as balanzas que eran propiedade do dono do establecemento. Neste sentido, como puntualizou un informe da Defensoría do Pobo de 2001, Yanacocha “non proporcionou información adecuada (por exemplo subestimou e minimizou a cantidade de mercurio derramado) nin oportuna” nin á poboación afectada nin ás autoridades locais, provinciais e nacionais.

Pese a todo, a fiscalía provincial non estimou pertinente denunciar a mineira pola comisión dun delito ecolóxico. Apenas a sancionaron cunha multa de tipo administrativo de 600 UIT (Unidades Impositivas Tributarias), cifra que equivale a 2.760.000 soles peruanos ou, dito doutro xeito, a 724.168,36 euros, segundo o tipo de cambio actual. Tal sanción foi imposta por ser considerada a empresa responsable de infraccións graves que provocaron danos á saúde da poboación e ao medio ambiente.

As accións de compensación impulsadas por parte da mineira consistiron, por un lado, nunha serie de obras de mellora das infraestruturas comunitarias; e, por outro, nunha clase de indemnización económica ofertada ás persoas afectadas. Non obstante, a cambio dos montos económicos, instábaselles a asinar un acordo extraxudicial polo que renunciaban a emprender accións penais contra a mineira; a iniciar procesos administrativos referentes á vertedura de mercurio; e a constituírse como parte civil nun proceso penal relacionado directa ou indirectamente co incidente. Mineira Yanacocha compraba, polo tanto, o seu silencio. Novamente de acordo coa Defensoría do Pobo, tales acordos vulneraban “os dereitos ao debido proceso e a unha tutela xudicial efectiva dos afectados,

dereitos da persoa humana recoñecidos constitucionalmente, inherentes á mesma e irrenunciábeles”.

A mineira prometeu atención sanitaria á cidadanía choropampina, chegando a proporcionar ás persoas afectadas un seguro por cinco anos. Así e todo, dende o principio, a cobertura foi insuficiente. Na actualidade, como documentou GRUFIDES, o centro de saúde de Choropampa atópase baleiro de subministrados médicos e non dispón do persoal humano e os recursos técnicos para atender as necesidades específicas da comunidade. Sabedora de que será imposible recuperar todo o que perdeu, esta é precisamente unha das demandas máis repetidas pola poboación perxudicada. Porque, en definitiva, como clama ao final da súa intervención ante o tribunal ético Juana Martínez, voz e rostro de Choropampa: “A vida non se vende. A vida deféndese”.

ENTREPOBOS, ALIADA NA LOITA

É preciso indicar que EntrePobos vén desenvolvendo o seu acompañamento á cidadanía choropampina dende un marco máis amplo de respaldo aos que se atopan afectados pola contaminación xerada polas empresas mineiras, tal como precisa o coordinador de proxectos da asociación en Perú. Así, as persoas contaminadas por metais tóxicos en Espinar (Cusco), no sur do país andino, tamén son apoiadas nas súas reivindicacións en busca de verdade, xustiza e reparación, punto este último que incorpora a atención integral á súa saúde. Este labor é levado a cabo con outras organizacións aliadas como Dereitos Humanos Sen Fronteiras, Cooperación e a Rede Muqui. EntrePobos apoia, a través das mesmas organizacións, á Plataforma Nacional de Afectados e Afectadas por Metais Pesados. 🧑🏻🧑🏻



La “ideoloxía de xénero” del Código das familias en Cuba



Georgina Alfonso con compañeiras do Espazo Berta Cáceres da Habana

Georgina Alfonso González

Espazo Feminista “Berta Cáceres” · Instituto de Filosofía

Por que lle imputan ao Código das Familias cubanas ter “ideoloxía de xénero”? Porque é feminista

Cando xa estabamos nas datas máis próximas ao Referéndum para a votación polo novo Código das familias, en Cuba apareceu impetuoso o último dos argumentos, “o máis demoledor”, para convocar o voto negativo: o Código das Familias cubanas ten “ideoloxía de xénero”. Cal é a suposta “ideoloxía de xénero”? Por que resulta tan perigosa? Outra pantasma percorre o mundo, a pantasma feminista.

As loitas feministas contra os cánones patriarcais espertan a ira dos poderosos, que se confabulan, para dar novos argumentos ao patriarcado, non só dende a ética e a teoloxía senón facendo uso do dereito e a ciencia. Así lexítimase novamente a supremacía masculina (o home branco, adñeirado, exitoso, viril, sedutor) converténdose en norma xurídica e verdade absoluta.

O Feminismo ten unha diversidade de posicionamentos epistemolóxicos, políticos e ideolóxicos. Todas as súas correntes xúntanse na crítica ao patriarcado que xustifica a subordinación da muller ao home e naturaliza a misoxinia, a homofobia, a heterosexualidade e a violencia contra as mulleres e as nenas. En Cuba, o feminismo acompañou os cambios sociais e políticos máis radicais. Cando falamos das aportacións feministas á Revolución cubana, referímonos á

subversión da orde patriarcal e falamos de: a noción da vida colectiva e solidaria; a relación entre produción e reprodución en condicións equitativas para cada muller e home; a loita permanente pola igualdade de oportunidades de aloxamento, alimentación, traballo, saúde, educación e tempo libre; a sexualidade plena, segura e responsable; a liberdade de asumir compromisos sociais e históricos incompatibles con maneiras de exclusión ou discriminación algunha; compartir tempos e espazos de coidados; asumir a maternidade saudable como valor universal e respecto ao dereito da vida digna das persoas.

Estas reivindicacións impulsan as loitas feministas a nivel local, rexional e global. Elas posúen unha forza utópica concreta contra o capitalismo patriarcal e apuntan ao futuro da humanidade. O antifeminismo álzase como forza conservadora para frear o novo horizonte histórico que se aviva no medio da crise global capitalista.

A identificación do feminismo como “ideoloxía de xénero” expresa un rexurdir do fundamentalismo patriarcal que se vincula a un proceso de expansión neoliberal na sociedade actual. A proliferación do discurso antifeminista non é un feito casual nin o seu obxectivo difire da ideoloxía dominante. Segundo os seus voceiros: a matriz real do pensamento





Espazo Feminista Berta Cáceres

Teatro espontáneo no Espazo Berta Cáceres

feminista e a teoría de xénero é impoñer, á forza, unha ideoloxía feminista radical inspirada na interpretación marxista da loita de clases, que no fondo persegue acabar coa familia tradicional ao propoñer identidades distintas á feminina e masculina, e promover unha sexualidade libre.

Contra a aprobación do Código das Familias cubanas ergueuse unha escalada fundamentalista relixiosa que comunga co conservadorismo patriarcal en dous obxectivos básicos: manter a súa influencia en espazos de socialización (familia, escola, comunidade) e ampliar a súa incidencia na opinión pública usando a campaña da “ideoloxía de xénero”.

As estratexias retóricas e discursivas despregadas contra o Código das Familias cubanas apuntan a xerar “pánico moral” ou “terror erótico” para bloquear a aprobación de normas xurídicas contra o patriarcado, a discriminación e a inclusión de todas e todos.¹

A IX Lexislatura da Asemblea Nacional do Poder Popular, en reunión de xullo de 2022 presenta a versión 25 do proxecto do Código das Familias cubanas sometido a consulta popular coa participación de máis de 6 millóns de persoas, dando opinións e propostas que modificaron o 47.93% de todo o contido do Código. As principais modificacións deste Código consistiron no recoñecemento dos cuidados como dereito, a protección das mulleres e nenas contra calquera manifestación de violencia, o enfrontamento ás discriminacións en calquera variante, o recoñecemento legal do matrimonio como unión entre dúas persoas, a autonomía progresiva e a responsabilidade parental cara a nenez e adultos maiores, e salienta a noción de crianza respectuosa e a posibilidade de xestión solidaria e non mercantilización da maternidade. O 25 de setembro de 2022 realizase o referéndum para a aprobación do mesmo e queda aprobado co 66.87% dos votos a favor.

A campaña contra o Código das familias cubanas non cesa, continúa en curso e utilízase como mecanismo de despolitización social. A condena desde púlpitos acomodados e opresores a este novo Código, por ter “ideoloxía de xénero”, agocha a reacción conservadora patriarcal, sexista e homofóbica ante os éxitos acadados polas mulleres cubanas a favor da igualdade e a vida digna de todas as persoas.

A manobra conservadora contra o Código das Familias cubanas ten un obxectivo político e económico preciso: xustificar o control sobre os corpos das mulleres como obxecto de pracer e mercadoría. A defensa da familia tradicional significa unha volta das mulleres ao fogar, ao ámbito privado, dedicadas só á procreación, o coidado e o traballo sen remuneración.

Estamos ante unha vaga conservadora con novas máscaras patriarcalis no mundo e Cuba non escapa diso. Cando se acusa ao Código das Familias cubanas de estar penetrado pola “ideoloxía de xénero”, búscase abrirelle o camiño ás concepcións éticas e políticas que sosteñen unha axenda de privatizacións de dereitos humanos para as mulleres e a comunidade LGBTQ+. Non aceptar o Código das Familias cubanas é unha reacción contra a igualdade, é aceptar privilexios, violencias, exclusións e sustenta a perda de horizontes cara a unha vida humana máis plena.

En diversos países da rexión, con gobernos situados tanto no espectro da dereita como da esquerda, o patriarcado apoiouse en grupos relixiosos expandindo pánico moral en torno a políticas de educación sexual, dereitos reprodutivos e axenda LGBTQ+. En Cuba, no marco do debate popular sobre a nova Constitución de 2019 fixéronse públicas moitas manifestacións a favor da “familia orixinal” (=pai+nai+fillos) e opostas ao matrimonio igualitario dende posicións revolucionarias e socialistas. Por que?

Porque segue predominando a idea de que a emancipación das mulleres se acada a maiores coa emancipación integral da sociedade. Porén, a emancipación plena significa un cambio cultural civilizatorio, unha transformación radical da subxectividade dende novas maneiras de relacións sociais e vínculos afectivos. E este é o desafío que asume o Código das Familias cubanas que se somete a votación.

O discurso que fala do feminismo como “ideoloxía de xénero” enmascara que o capitalismo é un xeito de vida pervertido, onde o patriarcado se usa para maximizar ganancias desprezando o traballo que fan as mulleres sostendo a vida como parte da cotiandade.

O discurso antifeminista que se agocha detrás do concepto “ideoloxía de xénero” articula posicionamentos políticos e éticos retrógrados que frean os cambios necesarios. Ante os argumentos que atentan contra a aprobación do novo Código das Familias cubanas urxe o enfrontamento activo e cohesionado de todas as persoas, as institucións e os colectivos da sociedade civil, que apostan pola dignidade e os dereitos humanos. 🗣️

Nota:

1. En 2021 proban en Cuba o *Programa de Adelanto a la mujer (PAM)* y la *Estrategia integral de prevención y atención a la violencia basada en género (ECV)*. Ambos documentos son Programa de Goberno para promover accións dirixidas a acadar maior integralidade e efectividade na prevención e eliminación de manifestacións de discriminación contra as mulleres. (PAM. Decreto Presidencial 198/2021 publicado en *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 8 de marzo de 2021; ECV Publicado en *Gaceta Oficial de la República de Cuba*. Edición extraordinaria 9 de diciembre de 2021 www.gacetaoficial.gob.cu





Comisión de Comunicación de Entrepobos

Manifestación contra a privatización da auga no Salvador

Activistas de dereitos humanos d'O Salvador denuncian o retroceso democrático e a criminalización das organizacións no seu país

Defensores e defensoras de dereitos humanos d'O Salvador visitaron en outubro Madrid, Barcelona e Bruxelas para explicar ás entidades sociais e institucións políticas a situación que atravesamos este país, cun grave retroceso democrático e unha criminalización das organizacións sociais, especialmente dende a aplicación do réxime de excepción do goberno estatal. Tivemos a oportunidade de charlar con cinco delas, pero, por motivos de seguridade, omitimos os seus nomes.

“A ECONOMÍA CAMPESINA ESTÁ A SOFRER UN ABANDONO E PRIORIZÁNSE PRODUTORES DE FÓRA DO PAÍS”

O primeiro que entrevistamos traballa a terra dende os 7 anos e, agora, defende un modelo de agro industria cooperativo e ecolóxico que permita vivir no territorio, sen ter que abandonar o país ou renunciar ao seu xeito de vida. É membro dunha organización ligada a Vía Campesina, movemento de organizacións de pequenos agricultores, traballadores do campo e comunidades indíxenas de todas as rexións do mundo que promove a alimentación como dereito humano básico e a soberanía alimentaria.

Como parte activa do movemento campesiño, lamenta que os espazos de diálogo e negociación co goberno teñan desaparecido e moitos programas en marcha “xa non teñan recursos ou se eliminaran de raíz”. **Como exemplo, o abandono da economía campesiña para favorecer a grandes grupos de poder ou macroproxectos turísticos en zonas rurais, indica que se incrementaron as importacións agro alimentarias en detrimento da produción local de grans básicos e outros alimentos.** “Moitos gandeiros abandonaron a súa actividade en 2020 e 2021 porque non tiveron ningún apoio, xa que se priorizou mercar todo o necesario para a pandemia fóra do país. Esta decisión non só afectou á economía dos sectores produtivos, senón que supuxo unha perda de divisas que se foron ao exterior e non circulan na economía local”, conclúe.



“CO RÉXIME DE EXCEPCIÓN, LIMITOUSE AÍNDA MÁIS O ACCESO AOS DATOS E Á INFORMACIÓN OFICIAL”

Outra das defensoras forma parte da Plataforma por la Seguridad Ciudadana (PSC) e a Mesa por el Derecho a Defender Derechos (MDDD) e manexa indicadores alarmantes sobre o retroceso da liberdade de expresión e a criminalización de activistas. “Converteuse nunha práctica sistemática dende o Estado penalizar ou criminalizar o labor das persoas defensoras. Existen polo menos 246 casos documentados, dos que máis do 50% son agresións contra mulleres, defensoras ou xornalistas. Máis do 60% destes ataques cométeos algún axente estatal”.

Experta en seguridade cidadá, lamenta que se incrementara en máis dun 200% o orzamento en militarización do país dende a chegada do presidente ao poder, así como a asunción de “uns valores militares moi marcados que están moi presentes nunhas políticas populistas”. Mentres, péchanse radios comunitarias ou asfíxiase o traballo de moitas organizacións.

Tamén sinala as consecuencias que está a ter o réxime de excepción (imposta en marzo de 2022) no dereito ao acceso á información pública: “As institucións reservaron os datos oficiais sobre seguridade ou aumentaron os límites para acceder á devandita información, algo que xa era unha tendencia neste goberno, pero que é aínda máis profundo no marco do réxime de excepción”, destaca. **Dende as plataformas nas que participa, observaron casos de malos tratos, torturas e máis de 80 mortes en centros penitenciarios, sen que se lles facilitara información.** “Moitas destas persoas foron enterradas en fosas comúns e as familias nin sequera sabían que morreran, foron as empresas funerarias as que as informaron de que están mortas ou os propios centros de saúde de que están graves”.

Alerta tamén da situación límite no sistema carcerario, cunha porcentaxe de amoreamento de máis dun 300% e unha perda de garantías xudiciais.

“O 70% DA MOCIDADE CONSIDERA QUE MIGRAR É A MELLOR SOLUCIÓN”

Seguidamente falamos cun representante da Plataforma Global El Salvador, espazo que apoia o activismo da mocidade en O Salvador e Centroamérica. A súa entidade promove “o protagonismo da xuventude no cambio social, político e económico”.

Defende a gran diversidade do seu país que, así e todo, ten un problema en común: “Somos mulleres, homes, persoas LGTBIQ+, mozos con discapacidade... perseguidos, criminalizados e estigmatizados polo estado salvadoreño. Non nos sentimos seguros nin seguras porque non hai políticas públicas que respalden os nosos dereitos”.

Cunha Lei xeral da xuventude aprobada en 2011, tras 10 anos de loitas das asociacións xuvenís, afirma que esta non tivo continuidade nos últimos anos, nos que, en cambio, si aumentou a violencia social e estatal contra a xuventude: “Debido ao réxime de excepción privouse de liberdade a máis de 50.000 persoas, acusadas de pertencer a bandas e, delas, o 58% son de 15 a 30 anos”. Explica tamén que en 2021 rexistráronse máis de 1.200 mortes violentas, o 45% delas entre mozos.

Ademais, 452.000 persoas non teñen acceso á educación ou traballo (que se agrava no caso das mulleres). “O 70% da xuventude considera que migrar é a mellor solución. Coa pandemia e co réxime de excepción, estase investindo máis en militares ou en abrir cárceres que en crear escolas ou mellorar o sistema educativo salvadoreño”, conclúe.



Manifestación pola despenalización do aborto no Salvador

Agitación cidadana pola despenalización do aborto





“A TRAVÉS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ESTASE VENDENDO QUE AS MULLERES SEXAN ABNEGADAS E NON TRABALLEN POLOS SEUS DEREITOS NIN O SEU DESENVOLVEMENTO”

A seguinte que nos atende é activista dunha organización feminista que loita pola autonomía do corpo das mulleres, a súa independencia económica, a participación política feminina e a erradicación de violencia machista.

Denuncia que, dende 2019, se experimenta un retroceso nos dereitos das mulleres no seu país, que conseguira ir establecendo institucións para facer políticas transversais de xénero, como o Instituto da Muller, leis de igualdade e de erradicación das violencias, ou mecanismos para medir o avance e desenvolvemento da igualdade, como as Unidades Municipais da Muller.

Outra das alertas feministas é o retroceso en dereitos sexuais e reprodutivos. “Temos unha proposta de lei para a despenalización do aborto, pero actualmente está arquivada. Loitamos para que o sistema educativo asuma con responsabilidade unha política integrada da sexualidade con mozos e adolescentes”, explica a defensora feminista, que puntualiza que se está criminalizando a entidades como a súa acusándoas de promover o aborto.

A falta de indicadores de xénero e de enquisas de violencia e usos do tempo, así como o incumprimento por parte do Estado de convenios como o 189 da OIT relativo ás traballadoras do fogar remuneradas, son outras das súas inxedanzas, ao tempo que non quere esquecer os problemas específicos das mulleres que viven en zonas rurais, “onde se incrementou a pobreza, non hai fontes de emprego, non teñen terras propias e hai pouco acceso á educación”.

“OBSTACULÍZANSE AS ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS QUE LEVAMOS 30 ANOS TRABALLANDO NO TERREO E CO ACOMPAÑAMENTO DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL”

Finalmente falamos cunha defensora de dereitos humanos en temas de auga e medio ambiente. Acompañou casos emblemáticos de inxustiza hídrica como un conflito coa empresa Coca-Cola e outros casos de Defensores Comunitarios da auga. Tamén contribuíu ao proceso de construción da Lei xeral de Augas e a Lei do Subsector de Auga Potable, aínda que a lei aprobada finalmente polo goberno, ten en moitos aspectos, un enfoque privatizador.

Acusa ao goberno salvadoreño de ser obediente aos grupos de poder, sobre todo dos sectores de comercio e industria, aínda co custo de espoliar os bens naturais do país. “Estanse instalando megaproxectos nas zonas rurais deixando a poboación sen os seus bens de vida e de subsistencia. Dende a nosa rede e dende a plataforma “Foro del Agua” reivindicamos casos emblemáticos de conflitos socio ambientais nos que vemos unha loita desigual das comunidades para enfrontarse ás estruturas do estado e ás grandes empresas”, afirma.

Denuncia que non se respectan as normativas de participación cidadá e non se realizan as consultas que requiren os proxectos en comunidades rurais ou en bens naturais de áreas declaradas protexidas. “As directrices da administración son modificar ou axilizar os permisos ambientais ou directamente non requirir permisos. Poñemos demandas nos xulgados ambientais e non prosperan. Todos os plans feitos para protexer o medio ambiente tiráronse pola borda”.

A actividade de varias organizacións tense visto seriamente obstaculizada baixo a narrativa do goberno de que as ONG obstaculizan o desenvolvemento, defenden delinquentes e financian grupos criminais.

O goberno acósas ameazando con aprobar leis que dificultarían a cooperación internacional, un escenario moi preocupante para todo o tecido socio comunitario e de xustiza climática de O Salvador. “Con esta xira facemos un chamamento á solidariedade. Máis alá dos gobernos que tivemos, sempre permaneceu o apoio dos pobos, que nos permitiu saír adiante e estar onde temos chegado na defensa da democracia e a xustiza social”, finaliza.



Activistas pola vida: Unidade didáctica e espazo interactivo



Área de Educación de Entrepobos

Presentamos a nova unidade didáctica “Activistas por la vida”, elaborada xuntamente con La Periférica e Gustavo Castro, defensor pedagogo mexicano, onde achegaremos a realidade dos Dereitos Humanos a Guatemala e Honduras nas aulas de secundaria

Trátase dun proxecto interdisciplinario sobre a criminalización das defensoras e defensores en Centroamérica, especialmente en contextos marcados por todo tipo de violencias impunes: dende o extractivismo, realizado por grandes empresas europeas, ata a violencia patriarcal.

O principal obxectivo desta proposta didáctica **é axudar a integrar nos currículos de secundaria o estudo da vulneración de dereitos humanos**, tanto no Norte Global como no Sur Global, poñendo a énfase nas voces e experiencias das defensoras e defensores co obxectivo de contribuir na protección e fortalecemento das súas estruturas comunitarias.

O importante é que o alumnado comprenda a importancia dos dereitos humanos e a súa defensa, tanto no Norte como no Sur globais.

A unidade didáctica está **enfocada ao alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de ESO**. A proposta **ofrece unha secuencia de 11 tarefas e actividades** que se concretan na elaboración dun vídeo colaborativo que explique

o mapa de vulneracións de dereitos humanos na súa contorna próxima.

O contido de cada actividade está relacionado con **coñecer determinadas cuestións vinculadas cos dereitos humanos e as situacións de vulnerabilidade** que sofren as defensoras e defensores en Honduras e Guatemala.

As tarefas céntranse en que o alumnado analice, profundice e reflexione sobre os dereitos humanos en Centroamérica e desenvolvan actitudes de defensa e promoción dos dereitos nos distintos contextos, globais e locais, e ámbitos da súa vida cotiá.

O espazo interactivo acompaña a unidade didáctica co obxectivo de adaptarnos ás novas virtualidades. A través deste enlace atoparás o espazo interactivo da unidade didáctica: <https://activistasporlavida.org/espazo-interactivo>

A unidade didáctica está a disposición de profesionais, docentes, centros educativos, centros de formación, colectivos, etc. 🗺️

ESCRÍBENOS A EDUCACION@ENTREPUEBLOS.ORG PARA MÁIS INFORMACIÓN



DOMICILIO SOCIAL

Carrer d'en Blanco, 73, piso 1 • 08028 Barcelona

Telf. 93 268 33 66

✉ info@entrepobos.org www.entrepobos.org

📘 www.facebook.com/Entrepbs [@EntrepbsHarte](https://twitter.com/EntrepbsHarte) www.instagram.com/entrepbs

PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

■ C/ José Mª Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B
41003 Sevilla · T. 616 564 551
✉ ep.andalucia@entrepobos.org
📘 Entrepobos Andalucía

ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepobos.org

CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalmancha@entrepobos.org

CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepobos.org
✉ ep.burgos@entrepobos.org
✉ ep.zamora@entrepobos.org
✉ ep.cyl@entrepobos.org
🌐 entrepobosvalladolid.wordpress.com
📘 entrepobosencastillayleon
🐦 @EntrepobosV

CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona
■ C/ Raiers 13 · 25500 La Pobra de Segur
(Lleida)
■ Carrer d'en Blanco, 73, piso 1
08028 Barcelona
✉ penedes@entrepobos.org
🌐 entrepobспенedes.wordpress.com
🐦 @EntrePobles_Tgn
📘 EntrePobles-Camp-de-Tarragona
📘 EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepobos.org
📘 EntrepobosMadrid

EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@herriarte.org

ILLES BALEARS

■ C/ Carme, 6 · 07701 Maó (Menorca)
✉ mallorca@entrepobos.org
📘 EntrePobles-Mallorca

PAÍS VALENCIÀ

■ C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi
■ C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer
■ Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
12600 Vall d'Uixó (Castelló)
■ C/ Lepant 7 · 03201 Elx
✉ paisvalencia@entrepobos.org
✉ alacant@entrepobos.org
📘 EntrepoblesPaísValencia

REXIÓN DE MURCIA

✉ marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIONES ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

Entrepobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apellidos
NIF *
Data de nacemento
Enderezo
C.P. Poboación
Teléfono Profesión
E-mail

Cota anual 76 € ó €
Se ten dificultades económicas pónase en contacto
para flexibilizar tu contribución.

Entrepobos recomienda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN																										
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA																						

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG
Entrepobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apellidos
Enderezo
C.P. Poboación

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF
Aviso legal: De acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD")*, a Asociación Entrepobos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socio/o e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Carrer d'en Blanco, 73, 1r pis · 08028 Barcelona)